



INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Estimadas familias,

Son tempos difíciles e complicados para toda a sociedade en xeral. A nosa comunidade escolar ao igual ca o resto de escolas da nosa comunidade autónoma está a sufrir as consecuencias desta situación totalmente anómala. A realidade a que nos enfrontamos é nova e nunca antes vivida por ninguén de nós.

Chegados a este punto, dende a nosa profesionalidade, estámonos a adaptar do mellor xeito posible a unha problemática que ninguén, como profesional do ensino, contemplou como escenario educativo. Isto implica que no noso afán por dar unha resposta o máis urxente posible, tivésemos que día a día ir afinando o noso sistema de traballo para dar resposta á demanda educativa do alumnado.

Podo asegurar que o claustro está a dar o mellor de si, e aínda así entendo que o que a día de hoxe propuxemos debe seguir a mellorar de xeito constante.

O sistema educativo ten como un dos seus principios a igualdade de oportunidades, independentemente das diferenzas sociais, culturais ou económicas. O noso centro, e non é deste curso, ten unha forte convicción neste senso e procura na medida do posible reducir as distancias sociais (gratuidade de autobús nas excursións, pedir a colaboración da ANPA para subvencionar eventos, buscar actividades e saídas formativas de balde,... por poñer algún exemplo), pero non é tan doado de cumprir cando a actividade escolar é levada a cada casa.

Sabemos que cada fogar é único e cunhas características propias, nin mellor nin peor, máis medios informáticos ou máis formación por parte dos proxenitores, é certo que de base axudan, pero ante a situación actual o elemento fundamental é o anímico. Dedicarlle tempo a coidarnos no emocional vai a ter un valor supremo e por suposto as tarefas que dende o profesorado se propoñan nunca pretenderán estar por riba disto.

O conxunto do profesorado vai a seguir aportando e adecuando mellor as súas propostas educativas, ás familias pareceranlles boas, regulares ou malas segundo as múltiples visións que se producirán no seo de cada casa. Sabemos que o que se vos pide é un sobre esforzo e sabemos que cada quen fai o que pode. Nós mesmos a día de hoxe estamos nunha incerteza preocupante por descoñecer algúns asuntos de carácter profesional. Mais insisto, non é o momento de buscar enfrontamentos nin culpables, estamos todos e todas no mesmo, axudar no que poidamos e pedir axuda cando a necesitemos.

Eu, como director e referencia á hora de atender as vosas inquedanzas, estou disposto a buscar que cada un de vós atope unha resposta ás súas necesidades e quero tranquilizarvos no sentido de que todo o que fagamos vai ser buscando o voso ben. Tamén son consciente de que coidando dos proxenitores estamos a coidar do alumnado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

ceip.asforcadas@edu.xunta.gal

881880929

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/>

CEIP As Forcadas

Na casa facede o que poidades, procurade establecer un horario asumible e lóxico de traballo escolar, se non sodes quen de facer máis facede menos, e se os contidos vos sobrepasan en dificultade poñervos en contacto co profesorado que xa vos dirá que facer. Agardade con paciencia que esta situación remate para que unha vez volvamos ás aulas ese principio de igualdade de oportunidades sexa máis real. Se non tedes medios coma poidan ter outros, adiante, estamos nun momento onde hai que improvisar e adaptarse.

Xa para ir rematando, pído vos que os que poidades visitedes a páxina web do colexio, alí atoparedes os enlaces ás materias. Foi un grande esforzo por parte do profesorado poder ofertar nunha única plataforma corporativa da Xunta (Agueiro) a nosa proposta educativa, e asegúro vos que é un feito que nos fai estar orgullosos se temos en conta a dispersión que mostran outros centros educativos.

Aproveito para engadir as últimas noticias chegadas esta tarde sobre á avaliación que poderedes ver en breve tamén na nosa web:

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, participou hoxe na Conferencia Sectorial de Educación, convocada para analizar o impacto e as medidas en relación coa interrupción da actividade lectiva presencial con motivo da declaración do Estado de Alarma por parte do Goberno Central. No encontro houbo consenso xeneralizado de manter o calendario escolar, co obxectivo de transmitir unha mensaxe de continuidade e normalidade respecto ao ámbito académico.

Nesta liña, acordouse avaliar o segundo trimestre co traballo desenvolvido ata a interrupción das clases presenciais e modificar os contidos e competencias básicas previstas para o terceiro trimestre. Estas modificacións abordaranse nunha xuntanza en abril. Ademais, decidiuse suspender este curso as probas de avaliación diagnóstica. Carmen Pomar agradeceu o esforzo que están a facer tanto docentes como familias para manter a poboación escolar activa e contribuír así á normalidade nesta situación excepcional.

Un saúdo e moito ánimo,

En Corme, a 25 de marzo de 2020

O director
Manuel Nicolás Caridad López